

CIG-SAÚDE DENUNCIA

O SERGAS limita que as traballadoras poidamos dar lactación materna

CIG-Saúde denuncia que no SERGAS non existe unha adaptación real dos postos de traballo, o que leva a que as mulleres teñamos que abandonar a lactación materna, e esixe medidas de protección á lactación materna natural.

Situación

Cando as traballadoras solicitan unha adaptación de posto por lactación materna, este procedemento é pouco áxil, é frecuente que se adapten mal ou incluso que sexan denegadas.

Están sendo denegadas adaptacións de posto por exceder dos 9 meses da crianza, porque o SERGAS basea a adaptación do posto tendo en conta a prestación por risco laboral na lactación materna do INSS e non no feito en si de dar lactación materna natural.

Tampouco existen espazos adaptados que garantan tanto a extracción de leite como que se poidan aleitar as crianzas en condicións que se garanta a intimidade e/ou seguridade.

Regulación

As Xerencias deben ter tódolos postos coas súas avaliacións de riscos feitas, onde se identifiquen os riscos específicos para a lactación materna.



CIG-Saúde esixe:

A **avaliación específica de tódolos postos de traballo** en canto á lactación materna natural para que a adaptación sexa áxil e inmediata.

Que a **adaptación de posto** se manteña **ata que a traballadora decida rematar coa lactación materna**, en consonancia coas recomendacións da OMS, sociedades científicas e mesmo o SERGAS sobre promoción da lactación prolongada.

Que se dispoña dun **espazo de lactación no seu centro**, ou ben para aleitar a súa crianza, ou para a extracción do leite materno en condicións de intimidade e seguridade.

Que o SERGAS non limite que as traballadoras da sanidade poidamos aleitar as nosas crianzas !!